

## En sociedade

# VIDAS QUE CONFLÚEN EN LUGO

ESTA SEMANA, DOUS NOMES PROPIOS VINCULADOS AO MUNDO DA COMUNICACIÓN ACHEGÁRONSE A ESTA TERRA, A SÚA, QUE SEMPRE SE AMOSA ACOLLEDORA COS SEUS FILLOS CANDO VOLTAN

► TEXTO: MARU TORRES  
FOTOS: AEP

## O produtor Jacobo Eireos gozou da noite lucense

Hai un mes remataba a terceira entrega de 'Los Gypsy Kings', o 'docu reality' emitido por Cuatro e dirixido polo lucense **Jacobo Eireos**. O formato, que amosaba o día a día de catro familias de etnia xitana, converteuse nun auténtico éxito de audiencia esta tempada. Agora, xa de vacacións, Jacobo achegábase ata Lugo, a súa terra, a pasada fin de semana para visitar á súa familia e amigos.

O produtor gozou da noite na capital e festexou que acaba de firmar con Cuatro unha cuarta entrega do programa. Ademais, tamén desvelou algunhas das interioridades do espazo, como que os seus protagonistas cobran por saír, igual que o fan todos os protagonistas doutros 'realities'. Iso si, cada familia ten uns ingresos diferentes segundo a súa popularidade. Jacobo tamén contou que a súa relación coas familias é moi estreita, sobre todo nos casos das máis novas, como **Rebe** ou **Noemí**, as que axudou a assimilar o seu novo estatus de personaxes populares.

O que Jacobo non chegou a contar é cales dos protagonistas do programa estarán na cuarta entrega, aínda que todas as familias desexan repetir. O lucense foi unha auténtica tumba e só deixou caer que haberá grandes sorpresas. Xa o saben.

## Julia Otero pasou a semana en Monforte

Esta foi unha semana de visitas, porque despois de Jacobo Eireos, a que tamén se deixou ver pola súa terra foi **Julia Otero**, que o mércores emitiu dende Monforte o seu espazo radiofónico 'Julia en la Onda'. Foi o xeito co que a xornalista



Jacobo Eireos, Julia Otero e Aída Soilán.



nalista quixo celebrar o terceiro aniversario da apertura desta emisora, centrando o contido dese día no Camiño Primitivo. E se Julia pensou na súa terra —como detalle, direilles que levaba colgada do pescozo a súa medalla de filla predilecta de Monforte—, a súa terra non a defraudou: a casa da cultura (dende onde tivo lugar a

emisión) estivo chea e o público aplaudiu con xenerosidade. Aínda que as que máis o fixeron foron a nai e a tía da xornalista, sentadas na primeira fila.

Como a viaxe dende Barcelona é longa cómpre aproveitala, así que a xornalista prolongou a súa estancia ata hoxe, o que lle permitiu gozar da súa casa da Penela.

## Aída Soilán presentará en Madrid a súa novela

Un último apunte antes de rematar. Sobre todo, para os que vaian

estar en Madrid o xoves, xa que ese día a Casa de Galicia acollerá a presentación da novela 'Orillas de ébano. El swing del destino', de **Aída Soilán Enríquez**. A lucense estará arroupada na presentación polo delegado da Xunta en Madrid, **José Ramón Onega**; a xornalista **Nieves Herrero** e o filósofo **Wenceslao Castañares**.